



RESOLUCIÓN DE 11 DE XUÑO DE 2018 DO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE POLIQUETOS A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE O PINDO, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

ANTECEDENTES:

1. A Orde de 22 de decembro de 2017 aproba os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2018, e de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de poliquetos a pé da confraría de pescadores de O Pindo, indicábase:

"Ampliación: En base os informes técnicos non se acepta a proposta de ampliación ata 10 participantes. Neste momento está pendente de resolución a ampliación aprobada de dúas prazas no 2017. As dúas prazas de participantes que renunciaron ó seu permex en 2017 poderán ser cubertas".

De acordo co proceso de renovación de permisos de explotación de poliquetos a pé para o 2018 o número de persoas autorizadas foi de 5, aos que se engadiron 2 novos permisos outorgados mediante a resolución de 16 de xaneiro de 2018, pola que se publicou o listado de persoas aspirantes seleccionadas resultantes da convocatoria de 4 de agosto de 2017, que fixeron un total de 7 persoas autorizadas. Por tanto eran 2 as prazas por cubrir ata acadar o número máximo de 9 permisos establecido no plan.

2. O 25 de xaneiro de 2018, a través do Rexistro do concello de Muros, a confraría remitiu escrito solicitando a apertura do proceso para cubrir as prazas vacantes e o 7 de febreiro de 2018 esta xefatura territorial remitiu proposta á confraría para o outorgamento dos 2 permisos de explotación comentados. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas.

3. O 8 de febreiro de 2018 recíbese nesta xefatura territorial escrito da confraría acompañado da renuncia á obtención do permiso de explotación de poliquetos a pé dunha persoa seleccionada no proceso selectivo rematado o 16 de xaneiro de 2018, que pasou a declararse desistida da súa solicitude pola resolución do 5 de marzo de 2018. Por tanto nese intre facíase necesario proceder ao outorgamento de tres (3) permisos de explotación.

4. O 15 de febreiro de 2018 a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña emite comunicación para a celebración dun sorteo que dirima o empate entre 2 persoas candidatas da lista de reserva para a cobertura dunha (1) das 3 prazas por cubrir. O sorteo celebrouse o 23 de febreiro de 2018 na Xefatura Comarcal do Mar en Ribeira, establecéndose a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para a obtención do permiso de explotación.

5. Con posterioridade, unha mariscadora renunciou ao seu permiso de poliquetos e o 26 de febreiro de 2018 teñen entrada no Concello de Muros renuncias á obtención do permiso de poliquetos a pé doutras dúas persoas aspirantes que se atopaban na lista de reserva, que pasaron a declararse desistidas das súas solicitudes na resolución do 5 de marzo de 2018. Por tanto fíxose necesario proceder ao outorgamento de 4 permisos de explotación.

6. Debido a que na lista de reserva figuraban 2 persoas candidatas que poderían cubrir 2 das 4 prazas vacantes, procedeuse á súa cobertura mediante a resolución do 5 de marzo de 2018 e se abriu o prazo de quince (15) días hábiles, para a presentación de documentación. Transcorrido o dito prazo unha persoa seleccionada non presentou documentación, que pasou a declararse desistida da súa solicitude na resolución de 30 de abril de 2018 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade poliquetos a pé, para o exercicio da actividade extractiva na confraría





de pescadores de O Pindo. Posteriormente, unha persoa máis co permiso de explotación recentemente adquirido en dita confraría presentou a súa renuncia. Por tanto, fíxose necesario cubrir catro (4) prazas vacantes para acadar a cifra máxima dos 9 permisos de explotación aprobados no plan de xestión nesta confraría de pescadores.

7. Por resolución de 30 de abril de 2018, a xefatura territorial da consellería do Mar na Coruña convocou proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de poliuetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de O Pindo. Neste proceso convocáronse as mencionadas 4 prazas.

8. Por resolución de 6 de xuño de 2018 desta xefatura territorial, publicouse o listado provisional das persoas admitidas a dito proceso selectivo, e as persoas excluídas (corrección de erros de 7 de xuño de 2018).

9. De acordo coa 2ª disposición da resolución desta xefatura territorial indicada no punto 7, xa que o número de persoas aspirantes presentadas e admitidas ao proceso (4 persoas) foi igual ao número de prazas convocadas (4 prazas), non foi necesario proceder a baremación coa que establecer unha orde de prelación para a selección.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figuran os poliuetos.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na base 3.1 do anexo A da resolución de 15 de febreiro de 2018 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Lira, así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1º. Facer público o listado definitivo das persoas que superaron o proceso selectivo e as que non o superaron, para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de poliuetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de O Pindo.

2º. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:

- a) Certificado de estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para





comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

- b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

Os/As perceptores/as da renda de integración social de Galicia, deberán renunciar a ela no momento da concesión do permiso de explotación.

Si dentro do prazo fixado algunha persoa aspirante non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2. da convocatoria, entenderase que desiste da súa solicitude.

3º. No caso contemplado no parágrafo anterior, emitirase unha nova resolución modificando esta, na que se indicará o/a aspirante seleccionado/a polo desestímulo da persoa que non presentou a documentación ou carece dos requisitos, outorgando un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da nova resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2. da convocatoria.

4º. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- a) Estar en posesión do certificado profesional correspondente.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación.
- d) Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

5º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da xefatura comarcal en Ribeira e da confraría de pescadores de O Pindo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 11 de xuño de 2018
O xefe territorial
Juan Carlos Barreiro González





I.- O PINDO.- LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS -SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS- NO PROCEDIMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS A PÉ

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS (*)	1	2A	2B	3A	3B	3C	4
CAAMAÑO	QUINTELA	JAVIER	47364126L								
GARCIA	OUJO	JOSE MANUEL	76965257N								
PEREZ	FONDO	CARLOS	79324488H								
TRILLO	ESTRADA	DAVID	79336577D								
LISTA DE RESERVA											

(*) Posto que existiron catro (4) persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo, que supón un número igual ás catro (4) prazas convocadas, non se requiriu establecer unha orde de prelación e por tanto non foi preciso realizar baremación. A orde coa que se amosa o presente listado é alfabética polo primeiro apelido e non determina prioridade a ningún efecto.

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total
- **1.- PARO:** tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **2.- FORMACIÓN:**
2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):
 Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé para recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 30 de abril de 2018 do xefe territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.
2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,35 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 0,50 puntos. Ás persoas que posúan algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- **3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS MARIÑOS:**
3A PERMEX A PÉ DE RECURSOS ESPECÍFICOS: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 1 punto por ano completo
3B PERMEX A PÉ DE MARISQUEO XERAL: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 0,5 puntos por ano completo
- **3C ENROLES:** tempo enrolado como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade no seu permiso de explotación nos 2 anteriores á convocatoria. 0,04 puntos por mes completo sempre que a actividade rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.
A suma de puntos do apartado de experiencia profesional non superará os 2 puntos máximo
- **4.- PADRÓN:** Por estar empadroadado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. **2 puntos**

